

## ANEXO II: CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO

O departamento ofrece, en colaboración co CFR local, tres cursos CALC cuadrimestrais de formación para o profesorado: Un curso de Nivel B2, un de Nivel C1 e finalmente un curso de Nivel C2.

O obxectivo dos cursos é preparar aos docentes de niveis non universitarios que impartirán clases en seccións bilingües dos seus centros para as Probas de Certificación das EEOOI correspondentes aos niveis citados.

As programacións destes cursos é a mesma citada previamente para os niveis correspondentes da Escola.

Tamén en colaboración co CFR local, ofrécense sete cursos cuadrimestrais de formación para o profesorado, que están concibidos como complementarios aos citados cursos CALC, aínda que se poden realizar de xeito independente, dos seguintes niveis: A1, A2, 1ºB1, B1, 1ºB2, 1ºC1, 1ºC2.

Os cursos estarán xestionados polo CFR. Este recoñeceralles aos participantes as horas de formación cursadas, sempre que cumpran co requisito de asistencia dun 85% como mínimo. No caso dos CALC, daránlle acceso ás probas de certificación dos niveis B2, C1 e C2 coa mesma consideración có alumnado oficial, sempre que se inscriban expresamente para realizar as ditas probas.

### FOR A1

**Lugar:** Sede central de Ourense

**Destinatarios:** Profesorado de tódalas especialidades

**Competencia profesional:** Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras

**Subcompetencia profesional:** Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.

**Obxectivos (fase presencial):**

**Comprender** textos orais e escritos breves e sinxelos en lingua estándar, relacionados con asuntos da vida cotiá, con dominio dun repertorio lingüístico básico.

**Producir** textos orais e escritos breves, referidos a asuntos da vida cotiá, dun xeito sinxelo e básico, pero adecuado e eficaz e utilizando a lingua de maneira interactiva e produtiva.

**Mediar** entre falantes das distintas linguas, en situacións moi cotiás, para facilitar a comunicación.

### **Obxectivos (fase non presencial):**

**Familiarizarse** co léxico e as estruturas gramaticais básicos para comunicarse en situacións moi cotiás.

**Producir** textos escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar utilizando a lingua de maneira interactiva e produtiva.

**Familiarizarse** coas realidades socioculturais do país.

### **Contidos:**

#### **Contidos sintácticos**

- Substantivo e adxectivo. Clases, xenero e número. Adxectivos contrarios.
- O artigo determinado/definido, indeterminado/indefinido. Formas e usos.
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais. Contraccións.
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos.
- O posesivo. Formas e usos.
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais.
- As partículas interrogativas.
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente.
- As preposicións de tempo e lugar.
- Os conectores e os enlaces de uso máis frecuente.
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa.
- Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.

#### **Contidos léxicos**

- **Actividades cotiás:** hábitos e horarios...
- **Clima e ambiente:** estacións do ano, fenómenos atmosféricos...
- **Educación:** material e actividades da aula, centros de ensino...
- **Identificación persoal:** datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- **Relacións familiares e sociais:** parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- **Tempo libre e ocio:** habilidades, actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses, mascotas ...
- **Traballo e profesións:** actividades profesionais máis habituais...
- **Viaxes:** nomes de países e xentilicios...

### Indicadores da eficacia da acción formativa

1. **Comprende** a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.
2. **Produce e coproduce** textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvólvese de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.
3. **Comprende** o sentido global e localiza información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.
4. **Produce e coproduce** textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural

moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

5. **Media** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

### **Temporalización:**

A duración do curso será de 60 horas, das cales 50 serán presenciais e 10 non presenciais. Será no primeiro cuadrimestre. O profesorado que así o desexe poderá continuar a formación de nivel A2 inscribíndose no curso IN-FOR-A2-60B-1 do segundo cuadrimestre.

### **FOR A2**

**Lugar:** Sede central de Ourense

**Destinatarios:** Profesorado de tódalas especialidades

**Competencia profesional:** Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras

**Subcompetencia profesional:** Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.

### **Obxectivos (fase presencial):**

**Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais e escritos breves e sinxelos en lingua estándar, relacionados con asuntos da vida cotiá, con dominio dun repertorio lingüístico básico.

**Producir** textos orais e escritos breves, referidos a asuntos da vida cotiá, dun xeito sinxelo e básico, pero adecuado e eficaz e utilizando a lingua de maneira interactiva e produtiva.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter

habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica

### **Obxectivos (fase non presencial):**

**Familiarizarse** co léxico e as estruturas gramaticais básicos para comunicarse en situacións moi cotiás.

**Producir** textos escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar utilizando a lingua de maneira interactiva e produtiva.

**Familiarizarse** coas realidades socioculturais do país.

### **Contidos:**

#### **Contidos sintácticos**

- Adxectivo. Caso e grao. Regras máis comúns.
- O artigo. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo.
- Os cuantificadores elementais máis usuais.
- Os indefinidos máis frecuentes.
- As partículas relativas de uso máis común.
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do pasado e do futuro.
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar tempo, lugar e frecuencia.
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar modo e grao.
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente.
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa.
- Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.

#### **Contidos léxicos**

**Alimentación:** léxico máis común relacionado coa alimentación e gastronomía

**Servizos públicos:** transporte e centros de servizos públicos

**Ciencia e tecnoloxía:** aparellos de uso cotián...

**Compras e actividades comerciais:** establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...

**Información e medios de comunicación:** noticias e reportaxes sinxelas...

**Saúde e coidados físicos:** estado físico, partes do corpo...

**Viaxes:** vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...

**Vivenda, fogar e contorna:** partes da casa, mobiliario básico...

### Indicadores da eficacia da acción formativa

1. **Comprende** o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.
2. **Produce e coproduce** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvólvese de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.
3. **Comprende** o sentido global e localiza información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.
4. **Produce e coproduce** textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.
5. **Media** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

**Temporalización:**

A duración do curso será de 60 horas, das cales 50 serán presenciais e 10 non presenciais. Será no segundo cuadrimestre.

**iii. FOR 1ºB1**

**Lugar:** Sede de A Ponte

**Destinatarios:** Profesorado de tódalas especialidades

**Obxectivos (fase presencial):**

- 1 Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes en textos orais e escritos breves ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara e ben organizados en lingua estándar.
- 2 Producir textos breves e sinxelos orais e escritos, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto, en secuencias lineais sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e profesional, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.
- 3 Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica

**Obxectivos (fase non presencial):**

- 1 Familiarizarse co léxico e as estruturas gramaticais propias dos temas e funcións lingüísticas que se abordarán.
- 2 Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos pero suficientemente estruturados sobre temas cotiáns.
- 3 Familiarizarse coas realidades socioculturais do país.

**Contidos:**

1. **Actividades económicas e comerciais:** comercio
2. **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
3. **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
4. **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos

5. **Saúde e coidados físicos:** ligados á alimentación, descrición física
6. **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración, vacacións
7. **Contidos (léxicos, discursivos, funcionais e situacionais)** que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

### **Temporalización:**

Será no primeiro cuadrimestre.

### **iv. FOR B1**

**Lugar:** Sede de A Ponte

**Destinatarios:** Profesorado de tódalas especialidades

### **Obxectivos (fase presencial):**

- 1 Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes en textos orais e escritos breves ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara e ben organizados en lingua estándar.
- 2 Producir textos breves e sinxelos orais e escritos, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto, en secuencias lineais sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e profesional, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.
- 3 Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica

### **Obxectivos (fase non presencial):**

- 1 Familiarizarse co léxico e as estruturas gramaticais propias dos temas e funcións lingüísticas que se abordarán.
- 2 Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos pero suficientemente estruturados sobre temas cotiáns.
- 3 Familiarizarse coas realidades socioculturais do país.

### **Contidos:**

1. Revisión dos contidos do curso de nivel B1.1.: comercio, alimentación,



identificación persoal, relacións humanas e sociais, saúde, vivenda...

2. Ciencia e tecnoloxía da información e da comunicación.
3. Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet....
4. Sociedade: modas (roupa) e tendencias sociais...
5. Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais...
6. Contidos (léxicos, discursivos, funcionais e situacionais) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

### **Temporalización:**

Será no segundo cuadrimestre.

### **v. FOR 1ºB2**

**Lugar:** Sede central de **Ourense**.

**Destinatarios:** Profesorado de todas as ensinanzas e especialidades que acrediten que posúen o nivel B1 de inglés.

### **Obxectivos:**

#### **-Fase presencial (50 horas):**

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes en textos orais e escritos, extensos, ben organizados e relativamente complexos sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar.

Producir textos de certa extensión, orais e escritos, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes.

**-Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

**-Fase non presencial (10 horas).**

**Actividades diversas feitas de xeito autónomo.** Algunhas delas usando o ordenador/ ferramentas dixitais. Outras son tarefas non dixitais que abranguen as diversas destrezas e contidos propios deste nivel.

**-Obxectivos:**

Familiarizarse co léxico e as estruturas gramaticais propias dos temas e funcións lingüísticas que se abordarán.

Producir e coproducir textos escritos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade.

Familiarizarse coas realidades socioculturais do país.

**-Contidos:****PRIMEIRO CUADRIMESTRE**

- **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

Contidos (**léxicos, discursivos, funcionais e situacionais**) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

**Metodoloxía:**

-Método heteroxéneo que combine actividades de comprensión e expresión principalmente orais. Presentación de vocabulario e contidos gramaticais. Interacción en parellas ou grupos pequenos. Preguntas e respostas. Recreacións de posibles

situacións, presentacións orais sobre temas escollidos polos alumnos libremente de contidos relacionados cos contidos do curso e que demostren a adquisición do nivel B2.

-Actividades diversas para mellorar todas as destrezas tales como realización de composicións escritas, exercicios de uso da lingua inglesa acordes co nivel B2 ou análise de artigos de prensa en distintos formatos (xornais impresos, dixitais ou foros nas redes).

**Actividades:**

Usaranse materiais impresos e/ou visualizados no proxector para iniciar conversas e debates. Tamén se escoitarán conversas en formato vídeo ou audio e haberá algunha proba de comprensión oral posterior. A continuación dialogarase sobre o escoitado dando a súa opinión persoal ou facendo debates. Estes debates poden ser espontáneos ou se pode asignar un papel aos participantes.

**Materiais:** Usarase material reais tanto orais e impresos sacado de diversas fontes coma vídeos de Internet, fotocopias de libros, da prensa, fichas, xogos... sobre os distintos temas propostos nestas programación: saúde, viaxes, clima, tecnoloxía...

-Uso de materiais específicos encamiñados á obtención do nivel B2 en inglés, tales como exames xa usados nas Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia e doutras comunidades autónomas e o libro de texto en uso para este nivel na escola onde se imparte o curso.

**Temporalización:**

Haberá un curso no primeiro cuadrimestre con dúas sesións semanais de dúas horas e unha duración total de 60 horas, das que 50 serán presenciais e 10 de traballo individual.

Trátase dun achegamento ao nivel B2, aínda que a totalidade das competencias propias deste nivel, tomando como referencia o Marco Europeo Común de Referencia para a aprendizaxe das linguas (MECR), poderán completarse inscribíndose no curso IN-CALC-B2-60B-1 no segundo cuadrimestre.

**vi. FOR 1°C1****Descrición**

Trátase dun achegamento ao nivel C1, aínda que se tratarán a totalidade das competencias propias deste nivel, tomando como referencia o Marco Europeo Común

de Referencia para a aprendizaxe das linguas (MECR), poderán completarse inscribíndose no curso IN-CALC-C1-60B-1 no segundo cuadrimestre.

**Destinatarios:** todo o profesorado de todas as ensinanzas e de todas as especialidades.

**Prerrequisitos:** As persoas seleccionadas deberán acreditar que posúen o nivel B2 de inglés para ser admitidas no curso, de acordo co anexo da Orde de 21 de xuño de 2016, de acreditación de idiomas (DOG 07/07/2016).

**Duración:** 60 horas das cales 50 serán presenciais e 10 non presenciais.

### **Obxectivos da fase presencial**

**Comprender** a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos orais e escritos extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro.

**Producir** con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo unha ampla gama de textos orais e escritos extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

### **Obxectivos da fase non presencial (se a houbese)**

Familiarizarse co léxico e as estruturas gramaticais propias dos temas e funcións lingüísticas que se abordarán.

Unha ampla gama de textos orais e escritos extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros.

Familiarizarse coas realidades socioculturais do país.

### **Contidos**

Trataranse os contidos o redor de temas tales como:

**Compras e actividades comerciais:** actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...

**Cultura e actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...

**Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...

**Educación e actividades académicas:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...

**Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...

**Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

**Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...

**Relixión e filosofía:** correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...

**Traballo e actividades profesionais:** tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...

Contidos (**léxicos, discursivos, funcionais e situacionais**) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

#### **Criterios de Avaliación:**

**Comprende** a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

**Produce e coproduce** con fluidez, espontaneidade e en xeral case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, bastante claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando o suficiente dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai case imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con suficiente eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

**Comprende** suficientemente a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre a maioría dos temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

**Produce e coproduce** textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión suficientemente apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente en xeral, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**Media** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con bastante flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

### **vii. FOR 1°C2**

**Lugar:** Sede central de Ourense

**Destinatarios:** Profesorado de tódalas especialidades

**Competencia profesional:** Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras

**Subcompetencia profesional:** Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.

### **Prerrequisitos**

As persoas seleccionadas deberán acreditar que posúen o nivel C1 de inglés para ser admitidas no curso, de acordo co anexo da Orde de 21 de xuño de 2016, de acreditación de idiomas (DOG 07/07/2016).

### **Obxectivos (fase presencial)**

**Comprender** a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos e orais extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro.

**Producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, unha ampla gama de textos orais e escritos extensos, claros e detallados, conceptual e

estruturalmente complexos, en diversos rexistros, adecuados á expresión de matices de significado, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais que lle permiten adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

#### **Obxectivos (fase non presencial)**

**Familiarizarse** co léxico e as estruturas gramaticais propias dos temas e funcións lingüísticas que se abordarán.

**Producir e coproducir** unha ampla gama de textos escritos extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros.

**Familiarizarse** coas realidades socioculturais do país.

#### **Contidos**

1. **EDUCACIÓN E ACTIVIDADES ACADÉMICAS:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e normativa, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...
2. **RELIXIÓN E FILOSOFÍA:** correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...
3. **IDENTIDADE PERSOAL:** dimensión física e do estado de ánimo, orixe e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sentimentos e percepcións físicas...
4. **CIENCIA E TECNOLOXÍA:** avances tecnolóxicos e científicos, centros de investigación, sociedades científicas...
5. **ESPERANZAS E SOÑOS**

6. **ALIMENTACIÓN:** tipos e procesos de alimentación e nutrición, gastronomía típica, tendencias alimentarias, produción agrícola....
7. **CULTURA E ACTIVIDADES ARTÍSTICAS:** Música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e movementos artísticos, tendencias actuais, literatura, fotografía, cine, teatro, novas expresións artísticas, artesanía...
8. **OCIO E TEMPO LIBRE:** xogos, deportes, animación, celebracións, vacacións, lecer...
9. **ECONOMÍA E INDUSTRIA:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, empresas e empresas, sistemas produtivos...
10. **COMPRAS E ACTIVIDADES COMERCIAIS:** compras, vendas, actividades de subrogación, rede bancaria, moeda e formas de pago....
11. **BENS E SERVIZOS:** bens e servizos inmobiliarios, públicos/privados/individuais/colectivos, propiedade intelectual...
12. **ACTIVIDADES LABORAIS E PROFESIONAIS:** tipos de postos de traballo e tarefas, novas formas de emprego, contratos e condicións de traballo, sindicatos, seguridade e riscos laborais...

Contidos (**léxicos, discursivos, funcionais e situacionais**) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

### **Indicadores da eficacia da acción formativa**

1. **Comprende**, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, a maioría das persoas interlocutoras e case calquera texto oral independentemente da canle e da velocidade, sempre que a calidade sexa aceptable. Recoñecer significados implícitos claros e apreciar as matices máis frecuentes de estilo.
2. **Produce e coproduce**, con bastante soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, case sen cometer erros e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices de significado.
3. **Comprende**, aprecia e interpreta de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos, que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións de estilo e significado, tanto implícito como explícito.



4. **Produce e coproduce** textos escritos de calidade, case sen erros, sobre temas complexos, así como trasladar en tempo real e con bastante precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz na maioría das situacións de tódolos ámbitos de vida, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.
5. **Media** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para trasladar con eficacia e precisión a maioría dos tipos de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

### **Temporalización**

Horas totais ( 60 )                      Horas presenciais ( 50 )                      Horas non presenciais ( 10 )

Será no primeiro cuadrimestre.

Trátase dun achegamento ao nivel C2, aínda que a totalidade das competencias propias deste nivel, tomando como referencia o Marco Europeo Común de Referencia para a aprendizaxe das linguas (MECR), poderán completarse inscribíndose no curso IN-CALC-C2-60B-1 no segundo cuadrimestre.